

## *Unha cita anual inescusable coa creación literaria*

---

En Galicia, onde os marcos e os valados conforman un elemento esencial do espazo e as paisaxes rurais, acontece, como en ningunha outra cultura, botar man do recurso, tan común nas ciencias sociais, da periodización. Un procedemento que nos permite ás persoas poñer mollóns e mouteiras no imparabile curso do discorrer do tempo e os acontecementos, que, deste xeito, a razón é quen de aprehender e humanizar.

A este libro, en cuxas páxinas se recollen os traballos premiados na vixésimo sexta edición do Certame literario de poesía e narrativa Manuel Orestes Rodríguez López, cómpre atribuírle a condición de fito inaugural dun período fértil que ha durar os vindeiros 24 anos.

Un fito que constitúe a continuación do que permaneceu vivo durante o último cuarto de século, desde que, en 1996, o Concello de Paradela instituíra esta cita anual inescusable coa creación literaria, á que concorreron infinidade de autores e autoras co mellor das súas obras durante dúas décadas e media.

Este certame literario, un dos de maior avoengo entre os existentes en Galicia, recibe o nome dun dos veciños ilustres de Paradela, a quen se lembra aínda hoxe entre a veciñanza, ademais de por ter sido un home bo, pola súa condición de excelso poeta en cuxos versos latexan as luces e os desacougos das xentes que compartiran con el condición social e experiencias semellantes.

Neste sentido, convén apelar unha vez máis a aquel neno de seis anos que se fora con seus pais de Paradela a Barcelona á procura dunhas mellores condicións de vida, experiencia tan desacougante para el que ha de constituir, transcorridas varias décadas, a vocación poética sincera.

Unha experiencia da que tamén partirá o material co que construír uns versos nos que se fai patente o diálogo saudoso que o poeta adulto establece con aquel neno que abandonou os eidos nativos e, con eles, paisaxes, costumes e perspectivas.

---

Así, pois, de lle facermos caso a Álvaro Cunqueiro cando afirmaba que «só volven os que recordan», a lectura que procede da poesía de Manuel Rodríguez López é aquela que se fai consciente cun poeta que sempre mirou o mundo a través dos ollos do neno que nunca abandonou Paradela.

Unha vez máis asistimos admirados á edición do libro no que se recollen as obras que resultaron premiadas no certame do ano en curso, unha cita anual que persegue incentivar a creación literaria, así como contribuír á dinamización cultural en Galicia, tendo como epicentro desta iniciativa o municipio de Paradela.

Estas páxinas danlle cabida, polo tanto, á obra daqueles candidatos e candidatas que mereceron, a criterio do xurado, os premios en disputa nas modalidades de poesía, narrativa breve e Camiño de Santiago, esta última de recente incorporación ao concurso.

Co libro estamos a galardoar o traballo literario de quince persoas, que se suman a máis da centena que gozaron deste honor nas edicións anteriores. Trátase, por unha banda, dun agasallo literario para autores e lectores; e, pola outra, dun recoñecemento ao labor cultural que vén desenvolvendo desde hai vinte e seis anos o Concello de Paradela.

Aproveito, xa que logo, a ocasión para deixar constancia da miña gratitude ao Concello, onde atopo sempre cooperación e apoio, que estendo, como non pode ser doutro xeito, ás persoas que integraron o xurado e mais que resultaron premiadas nesta vixésimo sexta edición do Certame literario de poesía e narrativa Manuel Orestes Rodríguez López.

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade